



***ORDE pola que se modifica a Orde do 25 de marzo de 2015, pola que se inicia o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo da extinta Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos adscrito á entidade pública empresarial Augas de Galicia, e se regula a desistencia das solicitudes presentadas no procedemento iniciado ao abeiro dela.***

O Diario Oficial de Galicia do 9 de abril de 2015 publicou a Orde da Consellería de Facenda do 25 de marzo de 2015, pola que se inicia o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo da extinta Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, adscrito á entidade pública empresarial Augas de Galicia. O proceso para a integración deseñado pola Orde non acadou a fase de resolución, como consecuencia, entre outras causas, de sucesivos cambios organizativos nas estruturas dos departamentos da Administración autonómica que interromperon o procedemento. Durante este período de tempo producíronse, ademais, importantes acordos e modificacións normativas que modifican sustancialmente as expectativas do persoal que presentou solicitudes ao abeiro da mencionada orde.

En primeiro lugar, o *Acordo de concertación de emprego público de Galicia*, asinado o día 15 de xaneiro de 2019 coas organizacións sindicais CCOO e UXT ( DOG nº 19 do 28 de xaneiro) abre a porta á funcionarización do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. Esta opción materializouse a través do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia. O obxectivo destes instrumentos é o de posibilitar o cumprimento das normas establecidas, tanto no Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, como na lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, no relativo aos postos cuxa cobertura é propia de persoal funcionario, e homoxeneizar o réxime xurídico e as condicións de traballo aplicables a este, co fin de facilitar a eficaz prestación dos servizos públicos.

En segundo lugar, a recente Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, introduce na súa disposición adicional primeira como novidade o complemento persoal de mantemento das retribucións en concepto de antigüidade para o persoal laboral fixo procedente das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, mediante o procedemento establecido no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable a persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción. A través desta modificación o persoal que, en virtude do seu convenio colectivo de orixe, perciba en concepto de antigüidade unhas cantidades superiores ás establecidas polo mesmo concepto no Convenio Colectivo Único, terá dereito a un complemento adicional e independente do complemento persoal de integración establecido na disposición transitoria primeira do dito Decreto 129/2012, do 31 de maio. Este complemento consistirá na diferenza positiva entre a cantidade percibida por antigüidade no momento anterior á dita integración e a cantidade resultante de aplicar o establecido no número 5 do artigo 12 do devandito decreto e, manténdose coa mesma contía independentemente das variacións nos restantes conceptos retributivos, incluso no caso da funcionarización deste persoal laboral integrado.



Ademais detectáronse erros no Anexo I-B da mencionada Orde do 25 de marzo de 2015 que afectan tanto ao número como á denominación de postos a adxudicar clasificados por grupos profesionais, extremos que impiden ás persoas incluídas nas categorías afectadas ter un coñecemento real das súas condicións de integración.

Por todo o anterior, cómpre modificar a referida Orde 25 de marzo de 2015 coa seguinte finalidade:

- a) Corrixir o número e denominación dos postos relacionadas no Anexo I-B.
- b) Dotar dunha maior seguridade xurídica ao procedemento de integración, abrir un novo prazo para que o persoal poida desistir da súa solicitude de integración dado que desde a publicación da orde de inicio do procedemento introducíronse modificacións nas relacións xurídico-laborais do persoal afectado pola integración a través do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, e da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, que o persoal que presentara solicitudes de integración no puideron ter en conta no seu momento.
- c) Posibilitar a continuación do procedemento iniciado coas solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 25 de marzo de 2015.

Por todo iso, en virtude das competencias conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, polo Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, e previa negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos,

#### ACORDO

*Artigo único. Modificación da Orde do 25 de marzo de 2015 pola que se inicia o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo da extinta Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, adscrito á entidade pública empresaria Augas de Galicia.*

O Anexo I-B da Orde do 25 de marzo de 2015 pola que se inicia o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo da extinta Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, adscrito á entidade pública empresaria Augas de Galicia, queda redactado como segue.

#### ANEXO I-B RELACIÓN DE POSTOS PARA ADXUDICAR

| Nº de postos | Denominación do posto     | Grupo profesional |
|--------------|---------------------------|-------------------|
| 20           | Titulado/a superior       | I                 |
| 7            | Titulado/a grao medio     | II                |
| 2            | Delineante de 1ª          | III               |
| 8            | Administrativo/a          | III               |
| 2            | Condutor/a                | IV                |
| 8            | Auxiliar Administrativo/a | IV                |



Disposición adicional única.- *Desistencia do persoal que presentara a solicitude de integración en prazo (procedemento \_\_\_\_).*

1. O persoal laboral fixo da extinta Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, adscrito á entidade pública empresaria Augas de Galicia, que presentara a solicitude de integración dentro do prazo habilitado pola Orde do 25 de marzo de 2015 xunto coa documentación enumerada no artigo 2.3 da dita orde, poderá desistir da dita solicitude (procedemento \_\_\_\_ ) dentro do prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia, sen prexuízo da posibilidade de desistir en calquera momento do procedemento anterior a se ter ditado resolución expresa, de conformidade do disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A desistencia producirá a terminación do procedemento iniciado ao abeiro da Orde do 25 de marzo de 2015.

2. O non exercicio do dereito ao que se fai referencia no punto primeiro desta disposición, permitirá a continuación do procedemento iniciado coa solicitude presentada ao abeiro da Orde do 25 de marzo de 2015 .

3. As solicitudes de desistencia deberán dirixirse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, segundo o modelo de instancia que se xunta no anexo e deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

O conselleiro de Facenda e  
Administración Pública

Valeriano Martínez García



**ANEXO**

|                                                                                               |                        |                   |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|-------------------|
| PROCEDEMENTO                                                                                  | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO         |
| <b>DESISTENCIA DA SOLICITUDE DE INTEGRACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DA XUNTA DE GALICIA</b> |                        | <b>SOLICITUDE</b> |

|                                    |             |                  |                    |                 |            |       |
|------------------------------------|-------------|------------------|--------------------|-----------------|------------|-------|
| <b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b> |             |                  |                    |                 |            |       |
| NOME                               |             | PRIMEIRO APELIDO |                    | SEGUNDO APELIDO |            | NIF   |
|                                    |             |                  |                    |                 |            |       |
| TIPO                               | NOME DA VÍA |                  |                    | NÚM.            | BLOQ.      | ANDAR |
|                                    |             |                  |                    |                 |            |       |
| PARROQUIA                          |             | LUGAR            |                    |                 |            |       |
|                                    |             |                  |                    |                 |            |       |
| CÓDIGO POSTAL                      | PROVINCIA   |                  | CONCELLO           |                 | LOCALIDADE |       |
|                                    |             |                  |                    |                 |            |       |
| TELÉFONO 1                         | TELÉFONO 2  |                  | CORREO ELECTRÓNICO |                 |            |       |
|                                    |             |                  |                    |                 |            |       |

|                                                                                                                      |  |                  |  |                 |  |     |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|------------------|--|-----------------|--|-----|
| <b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) |  |                  |  |                 |  |     |
| NOME/RAZÓN SOCIAL                                                                                                    |  | PRIMEIRO APELIDO |  | SEGUNDO APELIDO |  | NIF |
|                                                                                                                      |  |                  |  |                 |  |     |

|                                                                                                                                                                                                                                   |                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| <b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>                                                                                                                                                                                      |                    |
| Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> |                    |
| Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.                                                                                                                                                       |                    |
| Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:                                       |                    |
| TELÉFONO MÓBIL                                                                                                                                                                                                                    | CORREO ELECTRÓNICO |
|                                                                                                                                                                                                                                   |                    |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>LEXISLACIÓN APLICABLE</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| Decreto 129/2012, del 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción ( <i>Diario Oficial de Galicia</i> número 112, do 13 de xuño).                                                                                                                                         |
| Orde ____/2021, de ____, pola que se modifica a Orde do 25 de marzo de 2015, pola que se inicia o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo da extinta Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos adscrito á entidade pública empresarial Augas de Galicia e pola que se regula a desistencia das solicitudes presentadas no procedemento iniciado ao abeiro dela (AP ). |

|                                                        |  |    |  |    |  |  |
|--------------------------------------------------------|--|----|--|----|--|--|
| <b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</b> |  |    |  |    |  |  |
|                                                        |  |    |  |    |  |  |
| Lugar e data                                           |  |    |  |    |  |  |
|                                                        |  | de |  | de |  |  |